



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARNOTA

Acordo do pleno do Concello de Carnota, polo que aproba definitivamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbanos

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional de data 17/10/2025 do Concello de Carnota, sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbanos, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO OU RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Artigo 1.-Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos no municipio de Carnota procedentes de vivendas e establecementos comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou doutros usos, que estean en condicións de habitabilidade ou utilización e con independencia de que sexan ou non efectivamente habitados ou utilizados.

2. Para estes efectos, enténdense como lixo e residuos sólidos urbanos, os xerados nos lugares citados no apartado anterior que non estean incluídos na categoría de tóxicos ou perigosos pola lexislación sectorial aplicable ou requiran a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 2.-Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou usen vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, a título de propietario, usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2. Para o caso das vivendas, son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte e obrigados ó pagamento da taxa os donos e usufrutuarios, que poderán repercutir as cotas satisfeitas nos seus usuarios, se é o caso.

3. No caso dos establecementos comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou doutros usos que se atopen pechados ou sen uso, tamén terán a condición de substitutos do contribuínte os donos do inmovle.

Artigo 3.-Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias xunto cos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 4.-Cota tributaria

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa anual que se fraccionará en dous pagos semestrais de igual importe, por unidade de local, que se determina en función da natureza e destino dos inmoables. O cadro de tarifas anuais é o seguinte:

GRUPO	DESCRIPCIÓN	SUPERFICIE	TARIFA ANUAL
A	Vivendas		98,00 €
B	Despachos profesionais, oficinas e establecementos comerciais en xeral	<= 200 m ²	120,00 €
		> de 200 m ²	165,00 €
C	Talleres, almacéns, supermercados, cafeterías, restaurantes, cafés, bares, pubs, discotecas, salas de festa e semellantes	<= 200 m ²	150,00 €
		201-500 m ²	275,00 €
		> 500 m ²	400,00 €

GRUPO	DESCRIPCIÓN	SUPERFICIE	TARIFA ANUAL
D	Hoteis, hostais, cámpings, apartamentos turísticos e outros modelos de hospedaxe	<= 200 m ²	240,00 €
		201-500 m ²	360,00 €
		501-1.000 m ²	500,00 €
		> 1.000 m ²	680,00 €
E	Oficinas bancarias, estacións de servizo (gasoliñeiras), establecementos industriais e semellantes		650,00 €
F	Industrias de máis de 20 traballadores		2.600,00 €

2. Aos locais correspondentes ás actividades das categorías B, C, D e E aplicaráselles, durante o período impositivo que estean pechados ou sen utilización, a tarifa do grupo A.

3. Cando nunha vivenda se realice unha actividade comercial, profesional ou doutro uso, aplicaráselle a tarifa que corresponda a esa actividade segundo as categorías B, C, D e E anteriores.

4. As actividades, establecementos e instalacións que non aparecen especificados nas anteriores categorías serán catalogados pola Xunta de Goberno Local (Alcalde se aquela no fora constituída), naquela que lles sexa máis afín, para o que poderá acudirse á normativa sectorial aplicable (normativa urbanística e de actividades, normativa turística de Galicia, normativa catastral e a clasificación por epígrafes do IAE), prevalecendo sempre a realidade física e xurídica acreditada en expedientes e rexistros públicos.

5. A superficie a considerar para a aplicación das tarifas será a superficie construída catastral que conste no Catastro Inmobiliario.

Non referido ao apartado 3 de este artigo, e aos efectos da determinación da superficie, poderá aplicarse unha afectación parcial (prorrata de superficies) cando poda acreditarse a superficie efectivamente dedicada á actividade e a destinada a vivenda, mediante proba documental obxectiva (certificación catastral, título xurídico, licenza municipal, planos ou informe técnico colexiado cos cadros de superficies, inscrición no REAT ou outra documentación acreditativa da efectiva separación dos espazos). Non se admitirán declaracións xenéricas nin estimacións sen soporte técnico-documental. As variacións que se recoñezan producirán efectos nos termos do art. 6 (devindicación e prorrato) e do art. 7 (altas, baixas e declaracións).

Artigo 5.-Bonificación

1. Os suxeitos pasivos da tarifa do grupo A) terán dereito a unha bonificación de ata o 50% da taxa cando reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar en situación de emerxencia social.
- b) Que os ingresos económicos da súa unidade familiar sexan iguais ou inferiores en cómputo anual ó salario mínimo interprofesional.

2. A bonificación anterior soamente será aplicable á taxa correspondente á vivenda habitual do contribuínte.

3. Os interesados solicitarán a bonificación durante o período de exposición ó público da lista de contribuíntes e achegarán a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos.

4. Con carácter excepcional e por razóns de equidade, a Xunta de Goberno Local (Alcalde, se aquela non fora constituída) poderá:

- a) Recoñecerlle a bonificación a aquel contribuínte que, sen reunir os requisitos esixidos no apartado 1 anterior, estea nunha situación persoal e familiar que revele unha notoria dificultade para afrontar o pagamento da taxa.
- b) Denegarlle a bonificación ao contribuínte que, aínda que reúna obxectivamente os requisitos do apartado 1 anterior, sexa titular dun patrimonio ou goce de signos de riqueza que revelen capacidade económica para o pagamento da taxa.

5. En calquera dos casos contemplados no apartado anterior, a resolución municipal será motivada.

Artigo 6.-Período impositivo e devindicación

1. O período impositivo cadrará co ano natural, en consonancia co disposto no artigo 26.2 TRLRFL, e sen prexuízo dos posibles prorratos que procedan.

2. A devindicación da taxa e a obriga de contribuír prodúcese:

a) Desde o momento en que se inicia a prestación do servizo municipal. Neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos.

b) Establecido o servizo, a devindicación terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano.

3. En exercicios posteriores á alta, o cobro das cotas levarase a cabo semestralmente, mediante recibo derivado da matrícula (padrón fiscal), que será formado polo Concello.

Artigo 7.- Altas, baixas e declaracións

1. As altas na lista de contribuíntes da taxa por vivendas produciranse a partir das declaracións dos donos e usufrutuarios das vivendas que están obrigados, para os efectos do que dispón o artigo 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En casos de alteracións de orde física, económica e xurídica dos inmobles, son relevantes as seguintes obrigacións tributarias:

a) Nos supostos de obras de construción, ampliación, rehabilitación, reforma ou demolición, os donos, promotores ou usufrutuarios deberán presentar a correspondente declaración na Xerencia Territorial do Catastro no prazo de dous meses, contados desde a conclusión das obras, e achegar copia a este Concello do citado cumprimento.

b) Nos supostos de transmisión da propiedade ou constitución de dereito de usufruto, deberán presentar declaración na Xerencia Territorial do Catastro no prazo de dous meses, contados desde que se outorgou o negocio xurídico.

A data a considerar será a de presentación da declaración, con independencia da súa comunicación ao Concello.

2. No referido aos establecementos comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou doutros usos, enténdese como declaración de alta a solicitude da licenza de actividade, producíndose os efectos económicos a partir da data do outorgamento da licenza ou de iniciación efectiva da actividade. As autorizacións dos cambios de titularidade e as concesións das licenzas de actividade producirán os efectos da notificación de alta na lista de contribuínte.

3. Os titulares das actividades profesionais que non precisen de licenza específica deberán presentar declaración do exercicio da actividade no Concello, no prazo dun (1) mes, para a súa inclusión na lista de contribuíntes.

4. A omisión das declaracións referidas no apartado 1 anterior, a iniciación de actividades do apartado 2 sen licenza constitúen e a falta de declaración do apartado 3 constitúen infraccións tributarias graves para os efectos desta Ordenanza, de conformidade co artigo 198 da Lei Xeral Tributaria.

5. Os titulares das actividades deberán formular declaración de baixa cando conclúan no desenvolvemento destas.

6. As modificacións derivadas de cambio de titularidade da vivenda ou usufruto producirán efectos para o exercicio seguinte en que se produza a transmisión ou constitución.

7. Cando o Concello teña coñecemento, por calquera medio distinto da declaración do obrigado tributario, da realización do feito imponible, do inicio ou cese no uso do servizo, ou de variacións con transcendencia tributaria, iniciarase de oficio o correspondente procedemento de alta, baixa ou modificación, ao abeiro dos artigos 98 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Con carácter previo á resolución, concederase audiencia ao interesado. As liquidacións que procedan practicaranse polos períodos non prescritos, cos xuros contemplados no art. 26 da Lei Xeral Tributaria.

Os efectos temporais das altas e baixas de oficio rexeranse polo art. 6 desta ordenanza.

Artigo 8.-Ingreso

A cota ingresarase por primeira vez no prazo que determine a notificación individual que sexa realizada ao interesado, de acordo co disposto nos artigos anteriores.

No sucesivo, a cota anual será aboada na forma que sinala o Regulamento Xeral de Recadación, previa emisión de recibo (dous, no primeiro e segundo semestre do ano) pola Deputación Provincial da Coruña, quen ten delegada a xestión do cobramento. As liquidacións practicaranse por **notificación colectiva** mediante **padrón** (art. 102.3 LGT).

Artigo 9.-Infraccións e sancións

No relativo á cualificación de infraccións e imposición de sancións tributarias que correspondan en cada caso, será de aplicación o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 45 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Carnota a 19 de decembro de 2025

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

2025/8515